

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARRAL

*Aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo dunha praza de técnico/a de informática (estabilización), nomeamento dos membros do tribunal e data da primeira sesión do tribunal*

### ANUNCIO

Mediante decreto da alcaldía 491/2024, do 19 de novembro de 2024, **RESOLVEUSE:**

**PRIMEIRO.-** aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de técnico/a de informática (grupo II do persoal laboral fixo) como segue:

Relación definitiva de persoas admitidas:

INTERESADOS	DNI	EXENTO GALEGO
Rivera Sar, Rebeca	***1318**	SI
Rico Lorenzo, Diego	***0165**	SI

Relación definitiva de persoas excluídas:

Ningún/ha

**SEGUNDO.-** Nomear ao tribunal cualificador do proceso selectivo coa seguinte composición, o cal debe facerse público aos efectos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

Presidenta	Titular: D <sup>a</sup> Sonia Campos Ares, técnica de Administración Xeral do Concello de Carral. Suplente: D <sup>a</sup> Noemí González Mato, interventora do Concello de Carral.
Secretaria	Titular: D <sup>a</sup> Rebeca Vázquez Vázquez, secretaria do Concello de Carral. Suplente: D <sup>a</sup> Silvia Aramburo Vázquez, tesoureira do Concello de Carral-Bergondo-Abegondo.
Vogais	Titulares: D <sup>a</sup> Carmen M <sup>a</sup> Fernández Ríos, técnica de informática do Concello de Culleredo. D <sup>a</sup> Belén Viqueira Tasende, técnica local de emprego do Concello de Cerceda. D <sup>a</sup> M <sup>a</sup> Isabel Carro González, técnica de orientación laboral do Concello de Abegondo. Suplentes: D <sup>o</sup> José Manuel Rodríguez Costa, AEDL do Concello de Abegondo. D <sup>o</sup> Luís Díaz Díaz, arquitecto do Concello de Abegondo. D <sup>a</sup> M <sup>a</sup> Beatriz Fernández Vázquez, técnica de normalización lingüística do Concello de Abegondo.

**TERCEIRO.-** Fixar para o vindeiro 25 de novembro de 2024, ás 12:00 horas, no salón de plenos da Casa do Concello de Carral, a primeira sesión do tribunal cualificador (constitución). A continuación procederase á valoración da fase de concurso.

**CUARTO.-** Publicar a parte resolutiva deste decreto no boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carral sito na páxina web.

**QUINTO.-** Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a alcaldía no prazo dun mes ou ben recurso contencioso-administrativo perante o xulgado contencioso-administrativo no prazo de dous meses, en ambos casos o prazo contarase dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no boletín oficial da provincia. O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulgará que se lles recoñeza aos/ás aspirantes o cumprimento dos requisitos esixidos. Cando da documentación a presentar unha vez superado o proceso selectivo se desprenda que non cumpran algún dos requisitos, os/as aspirantes decaerán en todos os seus dereitos que puideran derivarse da súa participación no procedemento.

Carral, 19 de novembro de 2024  
O alcalde  
Francisco Javier Gestal Pose

2024/8308